



## TREN DO BANQUETE DE CONXO

Percorrido especial gratuíto do tren turístico, decorado para a ocasión. Trasladados de balde entre a Alameda, no centro da cidade, e o barrio de Conxo. (Prioridade para familias con nenas/os, persoas con mobilidade reducida e persoas vestidas de época).

### HORARIOS:

**Parada Conxo.** Praza de Conxo

**SÁBADO 25 maio.** Saídas ás 11.30, 12.30, 13.30, 17.30\*, 18.30\*, 19.30\* e 20.30 h.

**DOMINGO 26 maio.** Saídas ás 11.30\*, 12.30\*, 13.30\*, 17.30, 18.30, 19.30 e 20.30 h.

**Parada Alameda.** Av. de Xoán Carlos I

**SÁBADO 25 maio.** Saídas ás 11.00, 12.00, 13.00, 17.00\*, 18.00\*, 19.00\* e 20.00\* h.

**DOMINGO 26 maio.** Saídas ás 11.00\*, 12.00\*, 13.00\*, 17.00, 18.00, 19.00 e 20.00 h.

*\*Percorridos amenizados pola Agrupación de Música Tradicional Pena Maior de Marrozos*

## COMO CHEGAR

**RUTA**

• Camiñando polas beiras do Sar ata a carballeira de Conxo.

• Liñas 5 (recomendada, reforzaranse as frecuencias igualándoseas ás dun día laborable) e C2 dos autobuses urbanos.

• Se tes que vir no teu vehículo utiliza os aparcadoiros recomendados (ver mapa).



## COMO PARTICIPAR

- No desfile teatral de estudantes e artesás do domingo 26 de maio da praza do Toural a Conxo.
- Na romaría popular xantando na Carballeira a comida que traías da casa ou merques nas polbeiras que atoparás no Camiño da Lavandería. Anímate a vir con vestimenta de época.
- No Serán da Fraternidade, tamén o 26 de maio, aberto á música e ao baile tradicional. Acude co teu grupo de música ou baile.
- Como persoa voluntaria na Festa do Banquete. Podes achegar a túa solicitude a través do correo electrónico: **voluntariadobanqueteconxo@gmail.com**
- Participando coa túa visión particular no **1º Certame Fotográfico do Banquete de Conxo**.

O Concello de Santiago de Compostela organiza este certame co obxectivo de fomentar a creatividade e poñer en valor a cultura e o patrimonio da cidade de Santiago, así como a celebración da festa do Banquete de Conxo a través da fotografía.

O tema principal do certame é a propia festa do Banquete, incluíndo os seus costumes, vestimenta, detalles, paisaxes e calquera outro aspecto que reflecta a esencia desta celebración.

Valorarase a orixinalidade fotográfica e a proposta creativa. Recepción de imaxes do 27 ao 31 de maio.

**Festa, arte, obradoiros, música, fotografía, comunidade... Acompáñanos nesta nova edición da Festa do Banquete de Conxo, contamos contigo!**

**BASES**



## VENRES 24 maio



17.30 h

**“As voces do bosque”.** Un percorrido literario pola histórica carballeira de Conxo guiado polo editor e escritor Quique Alvarellos onde se lembrará as/os autoras/es que escribiron sobre o bosque ou no bosque, dende o século XII ata o XX. Adaptado a todos os públicos. Idioma: galego. Duración: 90 min aprox. Inscricións: [rutabanquete@santiagodecompostela.gal](mailto:rutabanquete@santiagodecompostela.gal)  
**Punto de partida: diante da igrexa de Conxo.**

18.30 h

**Obradoiro de baile tradicional.** A cargo da Asociación Cultural Pena Maior de Marrozos. Poderanse adquirir competencias básicas no achegamento á danza tradicional, con acompañamento de música en directo de pandeireteiras, onde se aprenderán puntos para a danza de ritmos tan populares como a xota ou a muiñeira. Actividade aberta ao público en xeral sen inscrición previa. **Praza de Conxo.**

19.00 h e 20.45 h

**Scape room Banquete de Conxo.** Aproveitando a riqueza natural que nos ofrece a contorna do bosque do Banquete desenvolveremos esta actividade onde o noso principal obxectivo será coñecer en familia a historia e recursos naturais que o rodea. Con probas e xogos divertidos haberá que demostrar os coñecementos sobre este fito histórico. Grupo máximo de 10 persoas por quenda (cada menor poderá acudir acompañado dun adulto). Idade recomendada de 7 a 14 anos. Inscricións: do 15 ao 22 de maio no CSC de Conxo. **Punto de partida: Carballo do Banquete de Conxo**

19.30 h

**Obradoiro de cantos de taberna.** A cargo de Muiñeiros do Sarela. **CSC Aurelio Aguirre de Conxo.**

21.00 h

**Cantos de taberna** nos bares do barrio. Coa participación dos grupos de Santiago Esfolladores, Grupo Colexiata de Sar, Muiñeiros do Sarela, Devagarino, Sapamamas, Son da Illa, Cantamadeira e Cantador@s de Recandea. Os cantos terán lugar nos bares Caimán, A Chara, Alquimia, Barrigola, Marló, Os Mallos, Meiga e a cantina da comisión. Actividade coordinada por Muiñeiros do Sarela.

## SÁBADO 25 maio



09.30 h e 11.30 h

**Observación de aves.** Grupo máximo 10 persoas por quenda. Idade mínima 8 anos. Será preciso

levar prismáticos. Non se permiten animais de compañía. Dirixido por Rosa Fernández, bióloga e experta en fauna. Inscrición por orde de solicitude: [observacionaves@santiagodecompostela.gal](mailto:observacionaves@santiagodecompostela.gal)  
**Punto de partida: Lagoa de Cornes.**

10.00 h e 11.00 h

**Baños de bosque.** Actividade inmersiva no bosque do Banquete de Conxo. Grupo máximo 16 persoas por quenda. Idade mínima 18 anos. Non se permiten animais de compañía. Dirixido por Merche Palomino, coach corporal, guía de baños de bosque (Forest Therapy Institute) e MBSR (Mindfulness Based on Stress Reduction). Inscrición por orde de solicitude: [bosque@santiagodecompostela.gal](mailto:bosque@santiagodecompostela.gal). **Punto de partida: Carballo do Banquete de Conxo.**

11.00 h

**Ruta dos muíños.** Dirixida por Patricia Fernández, directora do proxecto “Restauración río Sar”. Incluindo visita e exhibición do funcionamento do muíño do Mourullo (Multiúsos Fontes de Sar) ás 12.00 h. Inscricións: [muinos@santiagodecompostela.gal](mailto:muinos@santiagodecompostela.gal). **Punto de partida: entrada da senda do Sar no túnel do Camiño Francés (O Tanguero)**

11.00 h

**Carreira de orientación da Festa do Banquete.** Proba non competitiva, con opcións e categorías para todas as idades e niveis e a posibilidade de realizar a proba de xeito individual ou grupal, favorecendo a participación de familias. A carreira transcorrerá polos terreos do propio bosque do Banquete. Actividade de balde con inscrición previa na web [www.xestanatureza.com](http://www.xestanatureza.com)

13.00 h

**Concerto de Boa Sunet.** Banda residente no Centro Xove da Almaciga, formada por Pablo Rodríguez (guitarra), Alejandro Neira (teclado e voz), Brais Quintá (baixo e voz) e Mercè Palacios (saxo). **Praza de Aurelio Aguirre.**

18.00 h

**“Libros, mente e saúde”.** Mesa redonda. Conducida por Rosa Cerqueiro Landín, psicóloga clínica no Hospital Psiquiátrico de Conxo e coa participación de Xurxo Alonso, Antía Yáñez e Montse Fajardo. Autores/as e profesionais debaterán sobre saúde mental utilizando como fio condutor os traballos literarios recentemente editados: *Cartas de Conxo* de Xurxo Alonso, *Rotas* de Montse Fajardo e *Non penses nun elefante rosa* de Antía Yáñez. **Claustro do Hospital Psiquiátrico de Conxo.**

18.30 h

**Circanelo da compañía N+1.** Actuación para público familiar. **Praza central de Conxo.**

19.00 h

**Canto Fraternal.** Coa participación do Coro do Psiquiátrico de Conxo dirixido por Ángel Casillas; Coro Santa Susana dirixido por Marcos Mato Collazo; Coro de Habaneras Rocha Forte dirixido por

Sebastián Fernández Tapia; Coro Crecente de Voces Graves dirixido por Francisco Xavier Freire Chico; Coro Amigos do Castiñeirinho dirixido por Iolanda Eiras; Grupo Pena Maior de Marrozos dirixido por Ana Tejo e Orfeón Tradicional da Colexiata de Sar dirixido por María Xosé López. Conduce: Manuel Abrales, director do Coro Encaixe. **Escalinata do Hospital Psiquiátrico de Conxo.**

21.00 h

**A Festa da Poesía.** Conducida por Lorena Conde. Coa participación musical de Filloas, Ash Diz e C Mirazo e as poetas Sara Porto Puente, Diana Kurich, Branca Trigo e Marta Dacosta. **Praza de Aurelio Aguirre.**

## DOMINGO 26 maio



11.00 h

**“Alá van estudantes e artesás”.** Desfile teatral desde a praza do Toural até Conxo. Dirixen: Os Quinquilláns. Participan: Os Quinquilláns, Brigadas Teatrais de Catoira, As Superactivas do CSC de Santa Marta, Teatro do Muíño (Laraño), Teatro do Solpor (Vite), Clube Mozo e Veciñanza Activa do CSC Aurelio Aguirre de Conxo, Teatro Mediogüevo, Asociación Aspas, Mercedes Espiño, música de rúa Os Farrapos, Coro A Oliveira, Grupo de Teatro da Casa da Muller do Couto. Acompañamento musical de Luís, O Caruncho.

12.00 h

**Concerto Let’s folk!** do grupo Suzukiños. Jigs, muiñeiras, pasodobres, temas folk irlandeses, galegos e celtas da man dos Suzukiños, banda na que participan nenos/as de violín, viola e violonchelo que están desenvolvendo a súa traxectoria musical con Método Suzuki da escola En Clave Método Suzuki. **Praza de Aurelio Aguirre.**

12.45 h

**Pregón da Festa do Banquete.** A cargo de María Luísa López Otero, veciña de Marrozos. **Praza de Conxo.**

13.00 h

**“Baixamos ao bosque do Banquete”.** Continuación do desfile teatral até a carballeira de Conxo. Os Quinquilláns acompañados polo grupo Os Fondaos do Pífarro, Os Gaiteiros da Asociación de Música e Baile Tradicional de Conxo e diversos colectivos.

14.00-19.00 h

**Fotocol. Mosaico de Conxo.**

14.15 h

**Benvida e recreación teatral do Banquete de Conxo.** Os Quinquilláns. **Carballeira de Conxo.**

15.00 h

**Xantar e romaría popular,** con brindes de veciñas

e veciños. Brinde mozo de Marrozos a cargo de integrantes da Asociación de Xenerais da Ulla de Marrozos, da Comisión de Festas de Marrozos e da Asociación Veciñal de Marrozos. **Carballeira de Conxo.**

16.30-19.00 h

**Pasarrúas e espectáculo “Transhumancia sonora”** de Paporrubio. **Carballeira de Conxo.**

Un grupo de simpáticos animais “cabezudos”, formado por un porco, unha vaca e un burro, van acompañados de dous músicos ao longo dun percorrido por entre os asistentes ao Banquete. Instalación e animación con Xogos Paporrubio: xogos autónomos e animados de temática agraria, que nos dá a coñecer un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantaruxeiros da nosa fauna e que este ano nos acompaña na nosa Festa do Banquete como principal protagonista.

17.00 h

**Serán da Fraternidade.** Foliada de música tradicional con Os Fondaos do Pífarro, Devagarinho de Vilestro, Asociación de Música e Baile Tradicional de Conxo, Grupo de Cantos de Taberna Cantador@s de Recandea, Muiñeiros do Sarela e Asociación Pena Maior de Marrozos. **Carballeira de Conxo.**

19.30 h

**Despedida da Festa do Banquete 2024** e convite á seguinte edición. Discursos a cargo de Os Quinquilláns e pregón de peche a cargo da cineasta Jaione Camborda.

20.30 h

**Chocolatada e concerto de peche** de O Sonoro Maxín. **Praza de Aurelio Aguirre.**

Praza de Conxo  
e praza de Aurelio Aguirre

### MERCADO DO LIBRO E DA ARTESANÍA E MOSTRA DE OFICIOS TRADICIONAIS

De 11.00 a 14.00 h  
e de 17.00 a 21.30 h  
(domingo 20.30 h)